

ACLARACIÓNS SOBRE AS DOAZÓNS

Queridas familias:

Nas últimas datas apareceron nos medios de comunicación numerosas noticias sobre unha posible revisión por parte do Ministerio de Facenda das deducións aplicadas no IRPF polas nais e pais de alumnas e alumnos que realizan aportacións voluntarias ou doazóns ás entidades titulares dos centros concertados. Ante a alarma que están a producir estas novas desexamos reiterar a nosa mensaxe de prudencia e tranquilidade.

Tanto o Ministerio de Educación e Formación Profesional, coma o Ministerio de Facenda, confirmaron a ausencia dunha campaña de revisión xeral de ditas deducións: non houbo cambio algún na normativa reguladora nin no criterio interpretativo da Axencia Tributaria sobre este asunto.

Xunto con esta comunicación achégovos o comunicado de Facenda e a contestación do Goberno de 30 de xaneiro a unha cuestión parlamentaria presentada en novembro. Foi precisamente esta resposta a que, polo visto, provocou nos medios de comunicación todo o conxunto de noticias e interpretacións alarmistas. Sen embargo, o Ministerio de Facenda límitase a lembrar nela os preceptos legais en vigor.

En ditos documentos queda reflectida a postura actual do Ministerio de Facenda respecto a ditas deducións, reiterando a súa legalidade sempre que se cumpran os requisitos da Lei 49/2002, de mecenado, e que no caso das nais e pais do Divino Maestro que facedes doazón cumprides.

De calquera xeito, hai que lembrar que no caso de que algunha nai ou pai desexe non aplicar a dedución na súa declaración do IRPF polas cantidades doadas, é perfectamente libre de facelo, pois non existe obriga algunha de utilizar tal beneficio fiscal polo contribuínte.

É sorprendente a magnitude e repercusión deste asunto. Todos somos coñecedores da existencia de distintas organizacións e sectores interesados na restrición da escola concertada; por elo non sería aventurado pensar que estamos ante unha campaña para desestabilizar o noso sector e xerar dúbidas e inseguridade entre os membros das nosas comunidades educativas. Por iso, é o momento de manter a calma e permanecer unidos en defensa da liberdade de ensino e do noso modelo educativo.

Por último, quero, en nome das Misioneiras do Divino Maestro, do equipo directivo, do profesorado e do persoal de administración e servizos do Colexio transmitirvos que imos seguir traballando arreo por e para os nosos alumnos e alumnas desenvolvendo o noso estilo educativo, baseado no carisma de Francisco Blanco Nájera e Soledad de la Cruz que loitaron sen descanso pola liberdade das familias para elixir a educación dos seus fillos e fillas e a transmisión dos valores cristiáns.

En Ourense, 25 de outubro de 2018.

Atentamente,
O director



Álvaro Cid Bragado